



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

---

# **REGULAMENTO AUTONÓMICO DE CANS DE RASTRO DE XABARIL (Atrailla)**

---



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

## OBXECTIVOS

- Fomentar o uso do método de rastro atrelado para dar caza ao xabaril.
- Potenciar a deportividade dentro do extenso colectivo de afeccionados.
- Conseguir unha relación fluída e boa amizade entre os monteiro da comunidade.
- Poder establecer un intercambio de impresións sobre determinados aspectos da caza do xabaril e das diversas formas de cazalo.
- Axudar a que todos e cada un dos afeccionados teñan un coñecemento amplo das razas de cans más utilizados neste sistema, e coñezan ao mesmo tempo diferentes estilos de traballo.
- Conseguir un maior respecto pola natureza e, por conseguinte, aprender a gozar e apreciar debidamente as satisfaccións que nos brinda.
- Dar a coñecer á afección o contido e desenvolvemento destas probas, así como a normativa que se propón.

## 1. ESTRUTURA DA PROBA

1.1. Este é un regulamento que se pode aplicar a competicións de distintos niveis (locais, provinciais, autonómicos, torneos, exhibicións...).

1.2. A proba consiste, basicamente, en seguir unha pista de xabaril coa axuda dun can de rastro que terá que ser conducido atrelado obrigatoriamente. A intensidade do rastro quedará a criterio dos xuíces da proba.

1.3. Esta proba de traballo consta de dúas fases (CLASIFICATORIA E FINAL) desenvolvidas nunha ou en varias xornadas; a primeira terá carácter eliminatorio e a segunda decidirá a clasificación definitiva dos finalistas.

1.4. En casos especiais cada unha destas fases poderá estar composta dun ou máis exercicios de rastro.

1.5. Os rastros serán de intensidade variable, debendo ser más frescos os das probas clasificatorias que os das probas finais.

1.6. Contémplase a realización dun terceiro exercicio de RASTRO EXTRAORDINARIO na fase FINAL, pero tan só no caso de que unha vez terminada a última proba se produza un empate no primeiro posto da clasificación xeral. A partir deste nivel os empates dirimiranse segundo o establecido nos artigos 8.5 e 8.6.

1.7. Para unha maior aclaración dos conceptos fixados no artigo 1.5, establecécese como norma a seguir a seguinte: tratarase de que os rastros da proba clasificatoria sexan semellantes a un rastro deixado por un xabaril salvaxe a última hora da noite anterior, os da proba final deberán ser de menor intensidade e polo tanto ter más horas. No caso de realizar unha proba extraordinaria de desempate o rastro deberá de ter más horas que o da proba final.

Como estes conceptos son de difícil medida quedan ao bo entender dos xuíces da proba.

## 2. CONDICIONS PARA CONCURSAR



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

2.1. Segundo o tipo de concurso a participación poderá ser aberta ou non. Será aberta nos torneos e probas similares, e pechada cando se requira clasificarse previamente nunha proba selectiva.

2.2. Nas probas de participación libre que por razóns dunha inscrición masiva se necesite facer unha selección de concursantes, esta farase atendendo á orde de pre inscrición de concursantes ata cubrir a cota fixada polos organizadores. Coa finalidade de seleccionar os participantes, si é o caso, con rigorosa seriedade, a organización marcará no programa un prazo de pre inscrición.

2.3. Nas probas de participación pechada o número de concursantes virá determinado polas bases do concurso propostas polo organismo correspondente.

2.4. Nas competicións de xabril poderase participar con máis dun can salvo no Campionato Galego, no que cada participante tan só poderá inscribirse únicamente cun can, sen prexuízo do disposto no artigo 3.1.; así mesmo cada animal será o compañoiro de traballo dun só monteiro. Aqueles participantes que competisen con máis dun can nas probas previas ao campionato provincial, Copa Galicia- deberán inscribirse no Campionato Galego co can co cal obtivese maior puntuación.

A quenda de competición para o primeiro can será por sorteo; as segundas ou terceiras quedas, se as houbese, serán a criterio do Director da Proba.

2.5. Unha vez realizada a pre inscrición, o monteiro dun equipo non poderá ser substituído por outro.

2.6. Unha vez realizado a pre inscrición, o can dun equipo non podrá ser substituído por outro, salvo no caso contemplado no apartado 3.1.

2.7. Sen prexuízo do disposto nos dous artigos anteriores os organizadores poderán, por motivo de forza maior, permitir substitucións de tan só un dos membros do equipo, a condición de que se realice no mesmo lugar da concentración e antes do comezo do concurso.

2.8. O apartado anterior non se poderá aplicar aos monteiros, áinda que si aos cans, que participan en concursos aos que se accede por clasificación previa.

2.9. Non poderá participar ningunha persoa que colabore ou que forme parte da entidade organizadora.

2.10. Para poder concursar é necesario estar en posesión de toda a documentación que esixa a normativa en vigor, tanto a do can como a do monteiro. Tamén é indispensable ter abonada a cota de inscrición fixada pola organización.

2.11. Os equipos que non estean presentes á hora fixada para a concentración perderán o dereito a concursar.

### **3. EXCLUSIÓNS**

3.1. Quedará excluído aquel participante cuxo can non pase a revisión veterinaria á que poderán ser sometidos os animais no lugar de concentración. Con todo, se o monteiro dispón doutro can admitirse o cambio, sempre que se realice antes do inicio da proba.

3.2. Non se admitirán cadelas en celo, con xestación avanzada ou cans que mordan.

3.3. Non poderán participar aqueles monteiros que non reúnan as condicións establecidas no artigo 2º.

3.4. A exclusión dun componente do equipo de rastrexo, implica a exclusión do outro, sen prexuízo do previsto en artigo 2.7 e no artigo 3.1.

3.5. Non se poderán usar colares de castigo ou aparello similares.

#### **4. QUENDA E TEMPOS DE ACTUACIÓN**

4.1. A orde de participación dos concursantes, en calquera das probas, será obtida por sorteo; as segundas ou terceiras quendas, se as houbese, serán a criterio do Director da Proba.

4.2. Os xuíces ofrecerán a cada participante un traxecto o suficientemente amplio para poder valorar tódolos aspectos do equipo concursante. No caso de esgotarse o rastro dentro do campo de competición, o concursante será trasladado á zona de reserva para que continúe alí coa súa actuación.

4.3. Os participantes non terán dereito a elixir o tramo nin punto de enganche do rastro, senón que serán os xuíces quen o determinen baseándose no establecido no artigo 4.1.

4.4. A organización non estipula un tempo de actuación nin un traxecto determinado. Estas magnitudes serán acoutadas "in situ" polos xuíces, en función do grado de consecución no relativo á apreciación dos puntos de mérito alcanzados por cada equipo. Non obstante, procurarase manter a máxima equidade posible

#### **5. CRITERIOS DE XUÍZO**

5.1. Os parámetros susceptibles de medida dun rastro de xabaril, sumados ás variables que poden intervir sobre o mesmo, dan por resultado unha infinidade de pistas que, aínda sendo do mesmo animal, preséntanse totalmente diferentes. Polo tanto, o equipo de rastrexo terá que presentar unha gran versatilidade, adaptándose a unha ampla gama de rastros, poñendo en práctica o estilo de traballo que caracteriza o sistema. Por iso, procede establecer uns criterios de avaliación simplificados que axuden a apreciar a verdadeira capacidade de traballo do can sobre a emanación, do monteiro no manexo do mesmo e, en definitiva, do conxunto. Ao tratarse dun concurso composto por varias probas de diferente complexidade, é racional que cada unha teña a súa propia escala de puntuación e cada criterio de xuízo o coeficiente que lle corresponda.

5.2. A escala de puntuación base dos devanditos criterios de xuízo é común a tódalas probas, quedando expresada segundo a seguinte táboa de equivalencias:

- Deficiente 0 puntos.
- Insuficiente 1 punto.
- Suficiente 2 puntos.
- Ben 3 puntos,
- Moi ben 4 puntos.
- Excelente 5 Puntos.

5.3. Os criterios de xuízo respecto do can quedan fixados como segue:

1. Corte de rastro en perpendicular.
2. Tardanza na indicación.
3. Facilidade de seguimento.
4. Voz.
5. Frecuencia de voz.
6. Demasiada perseveranza nas faltas.
7. Resolución nas faltas.
8. Velocidade.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"

9. Fixación do rastro.

10. Adhesión ao rastro.

11. Marca o rastro en falso.

12. Cortes de voz sobre o rastro.

13. Comportamento na trela.

14. Estilo.

15. Manexabilidade.

5.3.1. O corte de rastro en perpendicular prodúcese cando o can entrando perpendicularmente ao rastro do xabaril detecta as emanacións da peza e indíca de forma clara, ben oralmente ou ben por medio da súa actitude de cambio de dirección tomando a traxectoria correcta.

Evidentemente é nesta acción onde o can pon a proba a súa capacidade olfactiva, estilo e paixón pola caza. Polo tanto considerarase nota de grave demérito esa falta de captación das partículas olfactivas, puntuándoa con 0 ou 5 puntos (non existe nota intermedia).

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Esta parte do exercicio valorarase na primeira entrada ao rastro, é dicir, ao comezo da actuación.

b) En caso de fallo e si os xuíces consideran que o terreo non é propicio para o corte do rastro, o concursante dispoñerá dunha oportunidade.

c) Neste contexto non se considera corte de rastro o enganche logo dunha falta.

5.3.2. Un can pode captar ben un rastro e, con todo, tardar un tempo en indicalo oralmente ou pola súa actitude. Esta tardanza será puntuada de acordo á vez que tarde o can en detectar o rastro. A título orientativo achégase a seguinte táboa de equivalencias:

- De 0 a 5 segundos: 5 puntos.
- De 6 a 10 segundos: 4 puntos.
- De 11 a 15 segundos: 3 puntos.
- De 16 a 20 segundos: 2 puntos.
- De 21 a 25 segundos: 1 puntos.
- Máis de 30 segundos: 0 puntos.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) A cualificación neste punto será asignada no corte inicial do rastro, e non no enganche das faltas. Isto último será cualificado no punto de mérito ao que se refire o artigo 5.4.7 (resolución nas faltas).

b) Se o can, unha vez sobre a pista, non capta o rastro nun tempo prudencial (a título orientativo poderían ser uns dous minutos) e a criterio dos xuíces se considera pasividade absoluta, sendo de obrigada aplicación o establecido en artigo 6.1.

5.3.3. Enténdese por facilidade no seguimento a capacidade que ten un can para seguir, sen grandes interrupcións, os pasos dos xabarís, independentemente da forma, estilo, voz, velocidade ou calquera outra virtude que poña en práctica durante a súa intervención.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) A acción de atallar a pista con ánimo de gañar tempo e velocidad, considérase unha falta de rastro e non de seguimento.

b) Obrigar ao can a enfilar cara a bandeira ou marca de referencia, abandonando así o traballo sobre o rastro, non se considerará seguimento.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

c) Os xuíces terán en consideración a facilidade que pode aportar un terreo con maleza, vereas, etc; ou polo contrario a dificultade que presentan outros chans.

5. 3. 4. A voz do sabuxo debe ser resoante e potente, nunca desagradable ao oído e, sobre todo, expresiva. Como cada raza ten unha voz característica, de timbres e tons distintos, valorarase fundamentalmente, o volume da mesma.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) A valoración deste criterio farase sempre sobre o rastro.

5.3.5. Enténdese por frecuencia de voz a cantidade de ladridos que emite un can sobre o rastro en relación coa velocidade normal de rastrexo.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) O tipo de monte (vexetación) inflúe notablemente na cantidade de rastro deixada pola peza e, polo tanto, na emanación que percibe o can; por conseguinte, este pode variar de frecuencia de voz durante a súa actuación.

b) Cando o monteiro reteña o can intencionadamente coa finalidade de que este aumente a frecuencia de voz, non será cualificada esta acción repercutindo, con todo, negativamente na valoración do criterio de xuízo contemplado no artigo 5.4.8 (velocidade). Non obstante, permítense unha retención no tramo inicial do rastro, co obxectivo de que o can se concentre e indique correctamente a emanación. Tamén será permisible conter moderadamente ao can nos rastros de baixa intensidade.

c) Puntuarase menos a aquel can que baixe a frecuencia de voz durante a proba.

5.3.6. Debido ás figuras ou lazos que a peza vai trazando sobre o terreo, a presentación de faltas de rastro é inevitable. Pero o bo sabuxo mostrarase sagaz e intelixente na resolución das mesmas, operando en accións concéntricas á do punto da perda. Con todo, ese mesmo sabuxo pode presentar unha insistencia desmesurada einxustificada sobre un determinado tramo facendo inevitable a intervención do monteiro. Esta insistencia diminuirá a puntuación deste criterio.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Cando o can insista ou caia nesta perseveranza nas faltas por orde do monteiro, a penalización non será para o can, aínda que a acción repercuta negativamente na nota asignada ao criterio establecido no artigo 5.5.2 (traballo e estilo do monteiro).

b) Na proba final e na extraordinaria, se os rastros son de baixa intensidade, admitirase unha maior perseveranza nas faltas.

5.3.7. Pode dicirse que a facilidade na resolución das faltas é a capacidade que ten un can para retomar, o máis rapidamente posible, o rastro perdido. É evidente que esta virtude está en relación coa intelixencia innata do can e o adestramento recibido do monteiro.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Si se produce unha falta co rastro en ruta, considérase perda total unha vez transcorrido o tempo que os xuíces fixen previamente.

Este tempo deberá ser máis amplio na fase final e nas probas extraordinarias.

b) No caso de que o equipo rastreador tivese que retroceder nos mesmos pasos para resolver unha falta, non se fixará un tempo determinado, senón que serán os xuíces os que decidan cando debe finalizar a actuación do concursante; non obstante, daráselle unha oportunidade de cortar o rastro perdido.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

- c) O feito de incorrer sucesivamente en faltas de rastro non ten unha penalización específica, áinda que inflúe negativamente na cualificación do criterio de xuízo previsto no artigo 5.4.3. (facilidade no seguimento) e no 5.4.10. (adhesión ao rastro).
- d) A acción de que o can enganche e siga a pegada ao revés non será motivo de redución de nota neste criterio, áinda que inflúe negativamente no establecido no artigo 5.5.2 (traballo e estilo do monteiro).
- e) Se o equipo tivese que abandonar o tramo de perda ante as dificultades presentadas, pódese dar un corte nun círculo de radio non superior a 15 metros; tomar de novo o rastro non fai variar a nota, parcial ou final, outorgada neste criterio.
- f) Se durante o rastrexo non se producise ningunha falta de rastro, o can obterá a nota máxima neste criterio (5 puntos).
- g) Á hora de avaliar esta capacidade terase en conta a vexetación da zona e os axentes atmosféricos que actúan e actuaron sobre o rastro.

h) Os xuíces terán en conta as características da proba de que se trate, e as facilidades ou dificultades que mostre o terreo.

5.3.8. A velocidade é a relación que existe entre o traxecto percorrido por can e monteiro sobre o rastro e o tempo que empregan en facelo.

É necesario ter en conta o seguinte:

- a) A valoración deste concepto farase, en tódolos casos, cando o can estea traballando o rastro en ruta, nunca en atallos, cortes, faltas, etc.
- b) Como o terreo pode variar (configuración, vexetación, etc.) ao longo do traxecto, a cualificación da velocidade farase en función da media conseguida en todo o percorrido e non segundo a apreciada nun determinado tramo.
- c) Non será puntuado negativamente aquel can que mostre unha velocidade baixa e que segundo os expertos sexa a correspondente á súa raza.
- d) Os concursantes deben considerar que aumentar intencionadamente a velocidade normal do can pode traer consigo unha diminución de frecuencia de voz e ata caer na penalización prevista no artigo 5.3.12. (cortes de voz sobre o rastro).

5.3.9. A fixación do rastro neste concurso pódese considerar como unha acción equivalente á "mostra" na modalidade San Huberto, pero sen peza presente. Trátase dunha parada obligatoria, á orde do xuíz, do equipo sobre o rastro. Durante a pausa o can terá que aumentar o ritmo de voz, indicado constantemente o sentido da pista e adoptando unha inmobilidade case absoluta; para efectuala correctamente terá que exceder os 5 segundos desde o inicio; pola contra, outorgaráselle a nota mínima que corresponde a este criterio de xuízo (0). A partir de devandito tempo cualificarase en función da seguinte táboa de equivalencias:

- De 6 a 10 segundos 1 punto.
- De 11 a 15 segundos 2 puntos.
- De 16 a 20 segundos 3 puntos.
- De 21 a 25 segundos 4 puntos.
- De 26 a 30 segundos 5 puntos.

É necesario ter en conta o seguinte:



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

- a) Nas probas da segunda fase permitirase unha diminución da frecuencia de voz, con relación á presentada nos exercicios da primeira, aínda que unha vez fixado o rastro esixirse de novo a mesma inmobilidade.
- b) Á hora de cualificar, os xuíces terán en conta o lugar onde se realice a parada e as características propias da proba podendo así aumentar a tolerancia no relativo á inmobilidade do can.
- c) Aos cans que manteñan ou diminúan a frecuencia de voz con respecto á mostrada durante o rastrexo restaráselles un punto.
- d) Aos cans que non indiquen oralmente a fixación restaráselles o 50% do total de puntos conseguidos neste criterio (cans mudos).
- e) Nesta parte do exercicio non será de aplicación o disposto no apartado 5.3.13. (comportamento no atrelado).

5.3.10. A adhesión ao rastro pódese definir como a capacidade que ten un can rastreador para seguir as pistas de xabaril sen desviarse apenas da marea olfactiva. Esta virtude que posúen os bos cans de rastro é de relevancia sobre todo en rastros fríos, facendo do can un compoñente pouco susceptible ao enganche doutras emanacións ou a perdas ocasionais ou totais.

É necesario ter en conta o seguinte:

- a) Non se considera falta de adhesión cando un can se desvíe do rastro, con ánimos de procura, por motivo dunha falta.
- b) Os cans que mostran unha adhesión esaxerada adoitan minguar en velocidade, perdendo nota neste criterio pero, obviamente, non no primeiro.
- c) Os xuíces terán en consideración as condicións do terreo onde se efectúa a valoración deste criterio de xuízo, así como as características propias de cada unha das probas.

5.3.11. Os bos cans de rastrexo adoitan ser bastante impulsivos, e se non se lles inculca unha formación axeitada poden chegar a enganar ao monteiro.

Ao noso entender a voz é o medio máis relevante polo cal o can transmite as mensaxes ao seu dono, tratando este de interpretalos de forma inmediata. Pero debido á devandita deficiencia formativa perde adhesión e, en certos casos, continúa sinalando o rastro oralmente aínda faltando partículas odoríferas. Esta falsa indicación vocal será puntuada en función da regularidade con que o faga; non se terá en consideración a frecuencia de voz.

É necesario ter en conta o seguinte:

- a) Este concepto adoita gardar relación co criterio de xuízo establecido no apartado 5.3.10 (adhesión ao rastro), influíndo na cualificación do mesmo; non obstante, é necesario considerar que hai cans que perden adhesión sen incorrer na falta penalizada neste artigo.
- b) Durante as faltas e ata o novo enganche, o can omitirá a indicación vocal. Nas probas de alta intensidade de rastro permitiranse leves indicacións falsas, pero só nas faltas.
- c) Unha indicación vocal perfectamente marcada durante unha falta considérase "marcar rastro en falso". Non debe confundirse este criterio con certos ladridos expresivos que o can pode emitir durante unha falta (de dúbida, de anoxo, etc.).

5.3.12. Anteriormente contemplábase a posibilidade de que un can se desviase do rastro (falta de adhesión) con ou sen indicación vocal, pero tamén pode ocorrer o contrario: o can non perde precisión no seguimento, pero deixa de indicalo mediante a voz durante un certo tempo ou traxecto. Estes cortes intermitentes serán puntuados de acordo ao número de veces que



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

manifesten cortes de voz sobre o rastro (corresponderánlle cinco puntos ao can que non teña ningún corte de voz no rastro).

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Os xuíces terán que asegurarse de que se trata dun corte na indicación e non dunha falta de rastro.

b) Os xuíces terán en conta as condicións do terreo onde aparezan os cortes de voz e tamén a intensidade do rastro en cuestión.

c) Admítese o corte de voz na travesía de estradas, pistas, devassas, etc.; e esíxese omisión total no caso contemplado no artigo 4.2, so pena de ser penalizado segundo o artigo 5.3.11 (marcar en falso).

d) Aos cans mudos outorgárselles a mínima puntuación.

5.3.13. O can pode ter unha gran capacidade de adhesión ao rastro, imprimindo unha velocidade idónea, e con todo, de cando en vez, efectuar uns movementos bruscos (baile) e innecesarios, e que nada teñen que ver co demérito establecido no artigo 5.3.11 (marcar en falso). Pero malia iso este "baile" non é desexable e faille propenso ao enganche doutros rastros ou indúcelle a posibles perdas. Existen tamén cans cun grado de adestramento deficiente que fai que ao rastrexar provoquen un exceso de tensión na trela, tratando de arrastrar ao monteiro. É evidente que este tipo de cans expóñense a un grande esforzo físico que lles levará, sen dúbida, ao esgotamento en breve tempo e, consecuentemente, ao abandono da pista.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Os cans adoitan "bailar" por motivos diferentes, tanto no rastro de alta como no de baixa intensidade; con todo, é nos segundos onde normalmente este demérito causa maiores prexuízos; por iso, tolérase un baile moderado nos primeiros.

b) Se a criterio dos xuíces o "baile" prodúcese por ordes incorrectas do monteiro, o can non terá penalización algúna, aínda que este feito influirá na nota do criterio de xuízo establecido no artigo 5.4.2 (traballo e estilo do monteiro).

c) A acción concéntrica, fintas ou lazos que o can executa durante o traballo nunha falta, non se considera "baile" na trela.

d) Nos rastros de alta intensidade permitirase un lixeiro aumento de tensión na trela.

e) Igualmente débese tolerar unha maior tensión cando o monteiro teña que frear a carreira do can con motivo de vencer algúns obstáculos (aramados, cercados, etc.).

5.3.14. Enténdese por estilo do can a expresión fisiolóxica e psíquica que mostra na realización do traballo, forma de andar, posición da cabeza, método de traballo nas faltas, sagacidade, etc.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) O can deberá conservar o mesmo estilo de traballo en tódalas probas, aínda que é comprensible que varíe de impulso en función da intensidade de rastro.

b) Como é lóxico, non será penalizable o comportamento característico da raza de que se trate.

5.3.15. O can de rastro ten que ser moi manexable, presentando gran submisión ante as ordes do monteiro: correcto control nas vereas, lazos nas faltas, regularidade na procura, etc.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) O can debe presentar a mesma manexabilidade en tódalas probas.

#### 5.4. Criterios de xuízo con respecto ao monteiro:

- Educación e deportividade.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

- Traballo e estilo do monteiro.

- Cohesión.

5.4.1. Enténdese por educación e deportividade a conduta demostrada polo monteiro durante a súa actuación.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Durante a actuación o concursante non poderá dirixirse verbalmente ao público nin aos organizadores; con todo, pode requirir a presenza dos xuíces para comunicarles calquera apreciación persoal.

b) Terase en consideración o tratamento que o concursante confire ao can, sendo nota de grave demérito os tiróns de trela, patadas nas patas co fin de aumentar a marcha, ou calquera outro tipo de castigo ou instigación.

O monteiro poderá animar ao can nos termos correspondentes ao amplo e variado argot de montería, pero nunca blasfemando ou proferindo palabras improcedentes.

5.4.2. O monteiro non é un elemento inerte arrastrado polo can, senón que é un compoñente máis do equipo de rastrexo; por iso, debe intervir nas accións que lle correspondan: dar as ordes que procedan, procurar non seguir a pista a contra - rastro, axudar ao can a desenmarañar o rastro, dar volta sobre o andado, actuar convenientemente nos casos de perseveranza esaxerada nas faltas, etc.

Todas estas operacións deben ser realizadas con estilo, sobre todo no manexo do can, redundando isto no bo comportamento do mesmo e, por conseguinte, na súa correcta formación. Un estilo inadecuado pode dar lugar a traballos incómodos, cansazo, aburrimiento do rastro ou a calquera outro factor que poida ser motivo do abandono da pista.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Os xuíces terán en conta a teimosía ou perseveranza inxustificada do monteiro que, en moitos casos, priva a liberdade de traballo do can.

b) En función do tipo de vexetación que impera nas zonas onde se practica esta técnica, e tendo en conta a comodidade na acción recoméndase o uso dunha trela dunha lonxitude que permita desenvolver de forma eficaz o labor de rastrexo. Recoméndase unha trela duns 6 metros, debendo o monteiro deixar uns 4 metros entre a man que a suxeita e o can para permitir que este poida demostrar as súas calidades rastreadoras con maior liberdade.

c) Os xuíces terán en consideración a desenvoltura que ten o monteiro no manexo da trela e, con vistas a facilitar o traballo do can, tamén a postura de enganche da mesma no colar de rastrexo ou no arnés.

d) O monteiro non podrá desprenderse da trela, salvo en caso de necesidade (cruzamento de matas, aramados, etc.)

e) Igualmente tomarase en consideración o tipo de vestimenta que porta o monteiro, sen ánimo de establecer un arquetipo determinado; simplemente terá que axustarse ás condicións do propio exercicio, facilitando así o labor do monteiro, do can e, por conseguinte, do equipo.

f) O monteiro non ten por que mostrar o mesmo estilo de traballo en tódalas probas.

5.4.3. O equipo rastreador non é unha mestura improvisada de compoñentes, senón a unión harmónica do can co monteiro e viceversa; esta compenetración (cohesión) só se consigue co traballo intensivo sobre exercicios prácticos. Así, unha vez en acción, observarase unha precisa sincronización nos movementos de ambos e dita unión non será simplemente física (a través da



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"

trela) senón tamén psíquica, poñéndose en manifesto ao longo de toda a actuación, pero sobre todo nas faltas.

Polo tanto, tamén pode definirse pola capacidade de manobra do equipo.

É necesario ter en conta o seguinte:

a) Este punto de mérito non se debe confundir coa manexabilidade do can (obediencia e submisión), aínda que é sabido que gardan relación.

## 6. ELIMINACIÓN

6.1. O can que mostra pasividade absoluta sobre a pista do xabaril, na primeira proba de calquera das fases, quedará automaticamente eliminado, non podendo pasar á segunda proba.

6.2. Non será motivo de eliminación obter a cualificación de "0" nalgún dos criterios de xuízo establecidos nos artigos 5.3 e 5.4.

6.3. Os concursantes que ao final da primeira fase non consigan clasificarse entre os primeiros postos que fixe a Organización previamente ao concurso, non poderán pasar á segunda, quedando, xa que logo, eliminados. Si se producise un empate no último posto que dá dereito a participar na seguinte fase non será de aplicación o disposto nos artigos 8.5 e 8.6, e, polo tanto, promoverán todos aqueles que se atopen en tal situación.

## 7. DESCUALIFICACIÓNS

7.1. Cando un concursante non se ateña ás normas establecidas no presente regulamento, os xuíces poderán interromper a súa quenda de actuación e, si así o consideran, descualificalo.

7.2. De igual xeito quedará descualificado aquel concursante que incorra reiteradamente nas faltas tipificadas no artigo 5.4.1, apartado a) (educación e deportividade), ou que durante a súa actuación se observe algunha das anomalías contempladas no artigo 3º (exclusións).

7.3. A descualificación dun dos compoñentes que forman o equipo de rastrexo implica a eliminación do outro, tendo, polo tanto, devandito conxunto que abandonar definitivamente a proba; quedando os dous privados de participar nas sucesivas fases.

## 8. CUALIFICACIÓN FINAL

8.1. A puntuación final de cada participante obtense sumando os puntos conseguidos en cada un dos apartados da fase final; por conseguinte, non se acumula a obtida na primeira. A orde de clasificación vén dado pola puntuación alcanzada por cada concursante na fase final.

8.2. No caso previsto no artigo 1.6 a puntuación do exercicio determinará a orde de clasificación ata o nivel que corresponda.

8.3. En caso de producirse un empate no exercicio extraordinario considerarase a puntuación reflectida na tarxeta en orde descendente, é dicir terase en conta primeiro a obtida no apartado 1, logo no 2, e así sucesivamente ata liquidar o empate.

8.4. Se logo de aplicado o establecido no artigo anterior se producise un novo empate, terá prelación aquel participante cuxo can se achegue máis ao estándar da raza que corresponda.

8.5. Os empates producidos no primeiro e demais postos da clasificación xeral da fase 1 (clasificatoria) e no segundo e demais niveis inferiores da fase 2 (final), resólvense considerando a puntuación reflectida na tarxeta en orde descendente.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

8.6. Se logo de aplicado o establecido no artigo anterior se producise un novo empate, clasificarase como primeiro aquel participante cuxo can se achegue máis ao estándar da raza que corresponda.

8.7. Na avaliación final non haberá cualificacións Ex aequo (empatados).

8.8. Os cans participantes en competicións oficiais que se clasifiquen na fase final entre os cinco primeiros, recibirán as seguintes menciones:

#### MENCIÓN PUNTOS

Excelente 270 - 300

Moi bo 210 - 269

Bo 150 - 209

Insuficiente <150

### 9. RECLAMACIÓNS

9.1. As posibles reclamacións formularanse por escrito ante o Comité de Competición durante un cuarto de hora posterior ao final de cada proba. Estas serán acompañadas da correspondente taxa (dobre da cota de inscrpción); se a reclamación fose desestimada non se restituirá o diñeiro. As reclamacións deberán resolverse antes dun prazo máximo de media hora.

As reclamacións poden estar baseadas en:

- Incorrecta aplicación das normas establecidas no presente regulamento.
- Incorrecta aplicación dos criterios de xuízo.
- Inadecuación do terreo onde se efectuou a proba.
- Falta de equidade.
- Outras causas.

9.2. Unha vez outorgadas as puntuacións a cada concursante, estas non poderán ser obxecto de reclamacións, polo tanto, salvo erro contable, consideraranse inapelables.

### 10. ACTAS

10.1. Ao final do concurso estenderase un acta que comprenda a relación nominal de todos los participantes, finalizasen ou non as probas, xunto cos resultados conseguidos en cada unha delas e, no seu caso, a cualificación final.

Así mesmo figurará calquera incidencia relativa aos concursantes, que se producira no desenvolvemento do concurso. Este documento levará a sinatura fidedigna do Comité de Competición e dos Xuíces correspondentes.

10.2. As actas tamén recollerán as mencións correspondentes aos cans.

### 11. XUÍCES

11.1. As Federacións de Caza habilitarán a persoas que teñan experiencia no arbitraxe deste tipo de concursos mentres non se celebren cursos de árbitros.

Serán funcións dos xuíces:

- a) Aplicar o presente Regulamento no transcurso do campionato.
- b) Decidir a forma de facer o rastro cos xabarís, así como o percorrido das probas.
- c) Redactar unha tarxeta de puntuación pola actuación de cada concursante, debidamente normalizada ao efecto.



Federación Galega  
de Caza



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



*"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"*

- d) Entregar ao Delegado Técnico, ao final de cada proba, as tarxetas coas correspondentes puntuacións.
- e) Colaborar na elaboración das actas do campionato.

## **12. O COMITÉ DE COMPETICIÓN**

12.1. Estará formado por representantes das federacións de caza ou persoas nas que estas deleguen, polo delegado técnico, e presidido polo delegado federativo.

12.2. O Comité de Competición ten as seguintes funcións:

- a) Atenderá e resolverá cantas incidencias se refiran á proba ou campionato.
- b) Resolverá de forma inmediata, en deliberación secreta, as reclamacións que lle foran presentadas por escrito, sendo o seu fallo inapelable.
- c) Elaborará as actas do campionato.

## **13. DELEGADOS TÉCNICOS**

13.1. O Comité de Competición nomeará un Delegado Técnico de entre os seus membros, recaendo este cargo nunha persoa con experiencia práctica no rastrexo á trela, coñecedor do terreo no que se desenvolverán as probas e do presente regulamento.

Os Delegados Técnicos teñen as seguintes funcións:

- a) Velar polo cumprimento das normas establecidas.
- b) Controlar que cada exercicio se desenvolva dunha forma adecuada.
- c) Resolver, en primeira instancia, posibles reclamacións.
- d) Colaborar co Comité de Competición nas súas funcións.
- e) Informar aos concursantes sobre calquera dos aspectos relacionados coas probas.
- f) Colaborar cos Xuíces.

## **14. O PÚBLICO**

14. 1. As persoas que asisten ao concurso tratarán de non perturbar o desenvolvemento das probas, seguindo, na medida do posible, as indicacións dos cooperantes e organizadores, que estarán debidamente acreditados.

14.2. Calquera persoa do público deberá abstenerse de berrar, dirixirse aos concursantes mentres desenvolven o seu labor, emitir xuízos en ton desaforado sobre as actuacións dos concursantes.

14.3. Os infractores dos puntos anteriores serán afastados do campo de competición.

## **15. DISPOSICIÓN FINAL**

15.1. A Federación Galega de Caza resérvase o dereito de modificar algúns dos aspectos do presente Regulamento, sempre que o considere necesario para un mellor desenvolvemento das probas.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2013.